

SABES POR QUE 2011 É O ANO INTERNACIONAL DOS BOSQUES?

Videoconferencia con Isabel Fraga Vila, botánica e directora do Museo de Historia Natural da USC

M^a Isabel Fraga Vila é directora do Museo de Historia Natural e profesora de Botánica da Facultade de Bioloxía da USC. Publicou, entre outros traballos de investigación e divulgación no ámbito da botánica, a *Guía verde de Santiago de Compostela* (Alvarellos 2010), un traballo que recolle información sobre todos os parques e zonas verdes da capital galega, ademais dunha guía botánica con fotos, debuxos e comentarios de 150 especies arbóreas presentes na cidade.

A videoconferencia transmitirá un pequeno relatorio sobre *os bosques como parte integrante do desenvolvemento sostible do planeta* e os seus beneficios económicos, socioculturais e ambientais que proporcionan, contribuíndo á erradicación da pobreza e o logro dos obxectivos de desenvolvemento, acordados internacionalmente, incluídos nos obxectivos de desenvolvemento do Milenio.

Ademais, a profesora Fraga Vila comentará as razóns que levaron á Asemblea das Nacións Unidas a aprobar o 20 de decembro do 2006 a resolución A/RES/61/193 pola que se declaraba o ano 2011 Ano Internacional dos Bosques.



Museo de Historia Natural "Luís Iglesias" da USC
<http://www.usc.es/gl/servizos/museohn>

